



Ayuntamiento/Concello de Montederramo

CIF:P3205000G-Praza nº 28-CP:32750Montederramo-TF:988292000 Fax:988292071



Achégase certificación de acordo plenario de adhesión ó convenio marco en materia de transparencia, para o seu coñecemento e demais efectos.

Montederramo, 13 de xaneiro de 2016.-

O alcalde

Asdo: Antonio Rguez Alvarez

Deputación P. de Ourense



Concello de Montederramo (Ourense)

Praza de Montederramo, 28 – 32750 Montederramo
Tño.: 988292000 – Fax: 988292071

C.I.F.: P3205000G
Registro EE.LL. nº 01320492

DON LUIS BALTASAR MOVILLA VÁZQUEZ, SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONCELLO DE MONTEDERRAMO, PROVINCIA DE OURENSE

CERTIFICO: Que, o Pleno Municipal, en reunión ordinaria celebrada o derradeiro día vinte e tres de novembro de dous mil quince, procedeu a adoptar acordo do seguinte tenor literal:

«5.- CONVENIO MARCO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.- Dáse conta ao Pleno que, de conformidade coa disposición final novena da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno (BOE nº 295, de 10 de decembro de 2013), as entidades locais disporán dun prazo máximo de dous anos para adaptarse ás obrigas contidas na Lei, prazo que finaliza o vindeiro 10 de decembro de 2015.

Visto que os artigos 6 a 8 da Lei 19/2013 recollen as obrigas de publicidade activa do Concello na correspondente sede electrónica ou páxina web, sinalando os requisitos e características da dita información.

Visto que o artigo 15 da Lei 30/1992 establece que a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos administrativos ou das entidades de dereito público poderá ser encomendada a outros órganos ou entidades da mesma ou de distinta administración, por razóns de eficacia, cando non se posúan os medios técnicos idóneos para seu desempeño; encomenda que non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos de seu exercicio. Contempla, igualmente, que cando a encomenda de xestión se realice entre órganos e entidades de distintas administracións, se formalizará mediante sinatura do correspondente convenio entre elas, que se rexerá pola lexislación de réxime local.

Visto que, de acordo co establecido no artigo 4.1.c) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, quedarán fóra do establecido no ámbito da devandita lei os convenios de colaboración que celebren as entidades locais entre si.

Visto que o artigo 36.1.b) da Lei 7/1985 sinala que a cooperación xurídica, económica e técnica é competencia das Deputacións Provinciais, engadindo o artigo 36.2.d) que as Deputacións dan soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión, asumíndoas cando aqueles llas encomenden.

Visto que para a aprobación dun Convenio administrativo de colaboración entre o Concello e calquera outra Administración non existe un procedemento xeral regulado ao efecto na Lexislación de réxime local, polo que de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, deberá aplicarse, dado o seu carácter supletorio, o disposto na citada Lei.





Concello de Montederramo (Ourense)

Praza de Montederramo, 28 – 32750 Montederramo
Tfno.: 988292000 – Fax: 988292071

C.I.F.: P3205000G
Registro EE.LL. nº 01320492

Visto que o artigo 47.2.h) da Lei 7/1985 sinala que se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para a adopción de acordo de transferencia de funcións ou actividades a outras administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente.

Visto o texto do “Convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense” coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública”, remitido pola Deputación de Ourense, que se aprobou polo Pleno da Corporación Provincial o derradeiro 25 de setembro de 2015, coa finalidade de garantir o pleno cumprimento do establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Visto o informe de Secretaría, de data 15 de outubro de 2015, en sentido favorable, sometido o expediente a consideración do Pleno Municipal, adopta polo voto unánime dos asistentes, que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (7 de 7), o seguinte **ACORDO**:

1º. Aprobar a adhesión do concello de Montederramo ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

2º. Transferirle a Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal de Transparencia de Ourense de información prevista nos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, nos termos previsto no dito convenio.

3º. Designar como persoa responsable da execución do convenio a D. Luis Baltasar Movilla Vázquez. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao alcalde-presidente para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ao Pleno.

E para que conste e ós efectos oportunos, firmo a presente, de orde e co visto praxe do Sr. Alcalde, coa salvidade a que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta, en Montederramo, a vinte e cinco de novembro de dous mil quince.

Vº e Pr.
O ALCALDE,

